

**ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO
CONCELLO DE ARZÚA**

ÍNDICE	Páxina
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	3
TÍTULO I: Disposicións xerais	4
TÍTULO II.: Procedementos de concesión e xestión	8
CAPÍTULO I.: Os procedementos de concesión	8
CAPÍTULO II. : Xestión e xustificación das subvencións	11
CAPÍTULO III.: Xestión orzamentaria	13
TÍTULO III: Do reintegro, do control financeiro e das infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións	14
DISPOSICIÓN ADICIONAL	14
DISPOSICIÓN FINAL	14

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE ARZUA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A publicación da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencions, no Boletín Oficial do Estado o día 18 de novembro do mesmo ano, fai precisa a adaptación da normativa propia do Concello de Arzúa, en relación coas subvencions, no prazo sinalado na disposición transitoria primeira da citada lei (un ano dende a entrada en vigor).

Como recorda a exposición de motivos da referida norma, unha parte importante da actividade financeira do sector público, canalízase a través de subvencions.

A lei 38/2003 recolle no seu título preliminar as disposicións xerais sobre a materia, estruturando, a súa vez, o seu contido en dous capítulos. No capítulo I delimitase o ámbito obxectivo e subxectivo da Lei e no II contéñense as disposicións comúns nas que se establecen os principios inspiradores e os requisitos para o outorgamento de subvencions, a competencia para outorgalas, obrigas dos beneficiarios e entidades colaboradoras, así como os requisitos para obter tal condición, aprobación e contido das bases reguladoras da subvención, publicación e información das subvencions concedidas, entre outros aspectos.

No capítulo I do título II establécese como réxime xeral de concesión, o de concorrencia competitiva, un réxime que debe permitir facer efectivos os principios inspiradores do outorgamento de subvencions previstos na Lei. A proposta de concesión deberá formularse coa participación dun órgano que terá a composición que se determine nas bases reguladoras.

No capítulo II do Título II régulase o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva, dotando o procedemento de gran flexibilidade. Pártese da configuración dun programa de mínimos, composto polas actuacións e trámites imprescindibles ó servizo dos principios de xestión anteriormente enumerados, deixando aberta a posibilidade de que as bases reguladoras establezan aquelas fases adicionais que resulten precisas á natureza, obxeto ou fins da subvención.

No capítulo IV régulase a xestión e xustificación polo beneficiario e, no seu caso, entidade colaboradora das subvencions concedidas. Prevese expresamente a posibilidade do beneficiario de concertar con terceiros a execución parcial da actividade subvencionada, sempre que así se sinala nas bases reguladoras, cun límite establecido pola propia lei, sen prexuízo de que nas bases reguladoras se especifique outro distinto.

Hai que ter en conta que esta lei 38/2003 e en relación coas bases reguladoras de subvencions, amplía notablemente o seu contido mínimo, co obxecto de clarificar e completar adecuadamente o

réxime de cada subvención e facilitar as posteriores actuacións de comprobación e control. O mandato da lei para as Corporacións Locais é claro, e neste sentido o artigo 17 establece que *“Las bases reguladoras de las subvenciones de las corporaciones locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones.”*

Polo tanto , ó tratarse dunha ordenanza, será competente para a súa aprobación o Pleno, de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O artigo 9 da lei 38/2003 establece que con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras da concesión nos termos establecidos nesta lei.

Este mesmo artigo no seu apartado 3 engade que as bases reguladoras de cada tipo de subvencións publicaranse no Boletín Oficial do Estado ou no diario oficial correspondente (no BOP no presente caso).

Polos motivos expostos, considerouse a conveniencia de elaborar unha Ordenanza Xeral de Subvencións que contemple as actividades de tipo social, cultural e deportiva, e outras, cuxas convocatorias son as máis frecuentes no eido municipal, precisamente polo seu carácter complementario dos servizos públicos tradicionais, e deste xeito, cumprir coas obrigas legais impostas, previas á aprobación das diferentes convocatorias de subvencións. ¹

TITULO I: Disposicións xerais.

Artigo 1º. Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polo Concello de Arzúa, na medida en que sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas, que non contan con ordenación específica de regulación.

Artigo 2º. Concepto de subvención.

¹ A ordenanza estruturase en tres Títulos, no I dedicado ás Disposicións Xerais, o II ós Procedementos de concesión, de xestión e xustificación das subvencións e o III dedicado a regular o reintegro, o control financeiro e as infraccións e sancións en materia de subvencións.

Nos dous primeiros títulos optouse por crear unha norma que permita ós xestores municipais de subvencións contar cun texto único, motivo polo que foron transcritos á Ordenanza o contido de artigos completos ós que se puido facer referencia sen necesidade de transcribir.

Sen embargo no Título III, e tendo en conta que a materia regulada non se refire á xestión en termos estritos faise referencia á lei 38/2003, coas especialidades indicadas no referido Título.

Enténdese por subvención, toda disposición diñeiraria realizada polo Concello de Arzúa, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega esté suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.

c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas de diñeiro que en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, realice o Concello de Arzúa a favor das asociacións a que pertenza, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, así como os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario nin as achegas a grupos políticos.

Artigo 3º Principios xerais.

1 . A xestión das subvencións realizarse de acordo cos seguintes principios:

- a. Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello de Arzúa.
- c. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 4º. Requisitos.

O outorgamento das subvencións debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Competencia do órgano administrativo concedente.
- b) Existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se deriven da concesión de subvencións.
- c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que establece esta Ordenanza.
- d) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico.
- e) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Artigo 5º. Órganos competentes para a concesión de subvencións.

En aplicación da lei 7/1985 , de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a concesión de subvencións corresponde ó Alcalde ou o órgano que sinalen as Bases de Execución do Orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concedente será o Pleno.

Artigo 6º. Definición do obxecto da subvención.

O obxecto da subvención deberá definirse na convocatoria que se publique para cada unha das subvencións ou no convenio que as regule.

Artigo 7º. Beneficiarios.

1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que vaia a realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión de subvencións en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.

3. Poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

4. En calquera caso os beneficiarios deberán acreditar a súa domiciliación no Concello de Arzúa, e no seu caso, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Arzúa. Excepcionalmente, para os supostos de concesión de subvencións previstos no artigo 19.1.c), cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderanse conceder subvencións a persoas ou entidades foráneas, ou non inscritas no rexistro de asociacións,.

Artigo 8º. Obrigas

Son obrigas dos beneficiarios:

1.- Cumprilo proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.

2.- Xustificar ante o Concello de Arzúa, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.

4.- Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

5.-Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

6.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8.- Deberán da-la axeitada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, coa expresión "subvenciona o Concello de Arzúa".

9.- Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 da LXS.

Artigo 9º. Publicidade das subvencións concedidas.

1. Os órganos administrativos do Concello de Arzúa concedentes publicarán no Boletín Oficial da Provincia, as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ó que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

2. No será precisa a publicación no Boletín Oficial da Provincia nos seguintes supostos:

a. As previstas nominativamente no Orzamento Municipal, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

b. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c. Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

d. Cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ó respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 21/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito ó Honor, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, e así fóra previsto na normativa reguladora. Neste caso será xustificado na convocatoria ou no expediente de tramitación correspondente.

e. Cando o importe das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros. Neste suposto, nas bases reguladoras da convocatoria, deberanse prever outros procedementos que aseguren a publicidade dos beneficiarios.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto da subvención, nos termos da convocatoria.

Artigo 10. Financiamento das actividades subvencionadas.

1. A convocatoria da subvención poderá esixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.

2. A convocatoria da subvención determinará o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

3. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións.

5. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados ós beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada, salvo que, por razóns debidamente motivadas, se dispoña o contrario na convocatoria da subvención.

Este apartado non será de aplicación nos supostos en que o beneficiario sexa unha Administración pública.

TTITULO II. PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN E XESTIÓN.

CAPÍTULO I. Procedementos de concesión.

Artigo 11. Os procedementos de concesión.

Os procedementos de concesión de subvencións, serán con carácter xeral e ordinario o de concorrencia competitiva, e con carácter excepcional, previa xustificación, o de concesión directa.

Artigo 12. Procedemento ordinario: a concorrencia competitiva

1º. O procedemento ordinario de concesión das subvencións reguladas nesta Ordenanza tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva.

2º Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa finalidade de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na mesma dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

3º. Neste suposto, a proposta de concesión formularse ó órgano concedente por un órgano colexiado a través do órgano instructor.

Artigo 13. Convocatoria.

1. A iniciación de oficio realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente para a concesión, que desenvolverá o procedemento para a concesión das axudas convocadas segundo o establecido neste Título e de acordo cos principios da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das AAPP e do Procedemento Administrativo Común, e terá necesariamente o seguinte contido:

- a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do Boletín Oficial en que esté publicada, salvo que en atención a súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
- b) Créditos orzamentarios ós que se imputa e contía total das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
- c) Incorporarase ó expediente o correspondente documento contable da autorización do gasto, documento A, polo importe total da convocatoria.
- d) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- e) Expresión de que a concesión se efectúa en réxime de concorrencia competitiva.
- f) Requisitos para solicita-la subvención e forma de acreditarlos.
- g) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

- h) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 4 deste artigo.
- i) Documentos e informacións que deben acompañarse á petición.
- j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes.
- k) Indicación de si a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que poderá interpoñerse recurso de alzada.
- l) Criterios de valoración das solicitudes.
- m) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das AAPP e PAC.

2. Os interesados acompañarán ás solicitudes os documentos e informacións determinados na convocatoria.

3. A convocatoria da subvención poderá admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención requirirase a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo non superior a 15 días.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ó interesado para que os subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicando que se non o fixera terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das AAPP e PAC.

Artigo 14. Órgano de instrucción.

A instrucción do procedemento da concesión de subvencións, corresponderá ós técnicos dos servizos municipais e á Concellería que promova a convocatoria. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Artigo 15. Órgano Colexiado.

De conformidade co artigo 22.1 da LXS, a composición do órgano Colexiado será a que se estableza nas correspondentes bases reguladoras das convocatorias, segundo o tipo de subvención.

Artigo 16. Proposta de resolución provisional.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ós interesados no xeito que

estableza a convocatoria, tales como taboleiros de anuncios, notificacións ordinarias etc, e concederáselle un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva da concesión.

Artigo 17. Órgano concedente.

A proposta de concesión formularase ó órgano concedente (que será o competente segundo a lexislación local) polo órgano colexiado a través do órgano instructor.

Artigo 18. Resolución.

A resolución deberá conter de xeito expreso, ademais da relación de solicitantes ós que se concede a subvención, de se-lo caso, a relación das solicitudes desestimadas.

O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de 3 meses. O prazo computarase a partires da publicación da correspondente convocatoria, agás que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen ter notificado a resolución, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ó que figura na solicitude presentada, instarase do beneficiario a formulación da súa solicitude para axusta-los compromisos e condicións á subvención outorgable, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, sempre que así se estableza nas convocatorias respectivas. De non facelo, entenderase desistido da súa petición, circunstancia que deberá notificarse segundo o previsto na LRJPAC.

Artigo 19. Do procedemento de concesión directa.

1. Poderán concederse de forma directa:

- a) As previstas nominativamente no Orzamento Municipal, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

As subvencións contempladas na letra a) anterior, que quedan exceptuadas do réxime de concorrencia, formalizaranse previo convenio coa entidade beneficiaria no que obrigatoriamente se establecerán as condicións e compromisos aplicables, de conformidade co establecido na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. O convenio deberá determinar como mínimo:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable, se pola súa especialidade lles fora aplicable algún distinto do que establece a Lei 38/2003, e esta ordenanza.

c) os beneficiarios e as obrigas que se establecen para os mesmos, así como as entidades colaboradoras se as houbese e as obrigas das mesmas.

d) No seu caso, o réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos interesados .

Igualmente quedan exceptuadas do réxime de concorrencia as subvencións contempladas na letra c), axustándose ó seguinte procedemento para a súa concesión:

- Presentación de solicitude no Rexistro de entrada municipal.
- Memoria do departamento correspondente no que se xustifique as características económicas, sociais, etc., concretas que impiden a tramitación conforme o procedemento de concorrencia competitiva. No caso das chamadas "emerxencias sociais" esta memoria será substituída polos servicios de asuntos sociais, que deberá determinar os datos persoais, composición familiar, situación económico-laboral, situación da vivenda e entorno social e outros datos de interese do/da solicitante, así como a valoración e interpretación de ditos datos.
- Informe de fiscalización da intervención municipal.

Capítulo II. Xestión e xustificación das subvencións.

Artigo 20. Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

1. Enténdese que o beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

2. Os beneficiarios das subvencións que conceda o Concello de Arzúa, poderán subcontratar, salvo que a convocatoria o prohiba, se ben a actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros non poderá exceder do 50% do importe da actividade subvencionada.

3. Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se celebre por escrito.
- b) Que a celebración do mesmo se autorice previamente polo órgano competente para a concesión do Concello de Arzúa, previa solicitude do beneficiario e ó tempo da concesión.

4. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

5. O réxime da subcontratación rexerese polas disposicións legais de aplicación contidas na Lei 38/2003.

Artigo 21. Xustificación das subvencións públicas.

Os beneficiarios perceptores destas subvencións con cargo ao Orzamento municipal, deberán xustificar, ante a alcaldía, en todo caso e, si é preciso, a requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos. O prazo máximo de xustificación será de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases da convocatoria se estableza outro prazo distinto de xustificación.

Considérase suficientemente xustificativa a seguinte documentación:

- a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes xustificaranse mediante facturas orixinais de gastos ou fotocopias debidamente compulsadas.

En aqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xeren o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización de actividades obxecto de subvención e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria.

- b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de inversión, xustificaranse aportando a seguinte documentación:

- a. Adquisición de bens de equipo: factura orixinal ou fotocopia compulsada
- b. Adquisición de bens inmoables: fotocopia compulsada de escritura pública e xustificantes de pago dos impostos correspondentes.
- c. Execución de obras: certificación de obra suscrita polo técnico colexiado competente e relación valorada. Se as obras se executan por contrata, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

O beneficiario da subvención acompañará os xustificantes de declaración de ter cumprido o obxecto da subvención e relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, ou no seu caso, a declaración de non ser beneficiarios doutras subvencións públicas para a mesma finalidade.

Artigo 22. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e que se realicen no prazo establecido nas convocatorias. Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os intereses deudores das contas bancarias e gastos por comisións bancarias.
- b) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos persoais sobre a renda

Agás que o órgano concedente a través da aprobación das convocatorias estableza o contrario, segundo o establecido no art. 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, considerarse gasto realizado o que sexa efectivamente pagado durante o período que se estableza na respectiva convocatoria.

Artigo 23. Comprobación de subvencións.

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.

Capítulo III. Xestión orzamentaria.

Artigo 24. Procedemento de aprobación do gasto e pago.

1. Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa da mesma, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e nas Bases de execución do orzamento. Conxuntamente coa aprobación da convocatoria será aprobado o gasto polo órgano competente.

2. A Resolución de concesión da subvención conlevará o compromiso do gasto correspondente.

3. O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para a que se concedeu, salvo nos supostos nos que a convocatoria estableza o prepago das mesmas, en cuxo caso realizaranse pagos anticipados, polo importe total ou parcial segundo se determine na convocatoria, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

4. Producirase a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da presente lei 38/2003.

5. Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagos á conta. Ditos abonos á conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ó ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

A realización de pagos anticipados esixirá a constitución de garantía polo importe dos pagos, salvo que na convocatoria e porque concorran circunstancias que o xustifiquen se exceptione a súa garantía.

6. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social ou sexa deudor por resolución de procedencia de reintegro.

TITULO III. Do reintegro, do control financeiro e das infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Do reintegro.

Nesta materia o Concello de Arzúa rexerese polo establecido no Título II da Lei 38/2003, así como nas disposicións de desenvolvemento.

Do control financeiro.

Nesta materia o concello de Arzúa rexerese polo establecido no Título III da Lei 38/2003, así como nas disposicións de desenvolvemento.

Das infraccións e sancións administrativas.

Por tratarse de materia reservada á lei, nesta materia o Concello de Arzúa, rexerese polas disposicións contidas no Título IV da Lei 38/2003.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto na presente ordenanza rexerá o disposto na lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.